



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com

Sección Sindical Telefónica
A Coruña
tfn 981183969 / fax 981212804
correo: cigcoruna-tel@terra.es

BOLETÍN SINDICAL

SETEMBRO 2003
Nº 8

CONCENTRACIÓN - CENTRALIZACIÓN DE ACTIVIDADE

Dende fai algún tempo estamos a ver por parte da empresa un novo proceso de concentración en determinadas áreas como os SRT e os Módulos de Transmisión e Radio en Infraestructuras ou os CSD e os despachos en Operacións. A automatización de procesos e a mellora de moitas aplicación fai que a empresa dende unha única localidade ou edificio cubra unha parte cada vez máis importante de territorio, de este xeito vemos como hai un baile de departamentos que agora se levan dende Vigo, despois dende Valladolid, Bilbao etc. este movemento permite que a cada paso que se dá o persoal necesario para realizar esa tarefa diminúa e vanse movendo a localidades onde hai persoal dispoñible para asumir esa actividade.

Como con cada paso na concentración as localidades nas que está distribuída a actividade para cubrir todo o territorio diminúen (cada vez hai menos SRT's e menos CSD's) semella que o obxectivo final da empresa sería concentrar en unha única localidade. Podemos observar como a día de hoxe toda a provisión de FITL, GEDEON, Análise O+M, Seguridade etc está centralizada xa en Madrid.

Sendo fundamental para a CIG o mantemento do persoal na súa localidade, mantendo os servicios que están concentrados en localidades como A Coruña ou Vigo e reforzando en todo o posible estes, asumindo cando sexa posible máis actividade, non debemos de esquecer aquelas tarefas que non se poden facer en remoto. Pensamos que se debería facer un maior esforzo por parte dos comités de Empresa pero tamén dos traballadores para recuperar



actividades que precisan da intervención directa do operario: Asistencia Técnica, Mantemento directo en equipos (Energía, Conmutación, Transmisión etc), Planta Exterior, etc.

Moitas veces somos os propios traballadores os que cando temos a posibilidade deixamos estas tarefas, e máis cómodo traballar toda a xornada sen movernos do edificio que desprazarnos en coche para facer un traballo que require un proceso manual, se cadra teríamos que pensar que estas actividades sempre se farán manualmente co que se fai necesario o persoal na localidade. Sería desexable que ademais de loitar por darlle a importancia precisa a localidades como A Coruña para poder consolidala como unha cabeceira dentro do territorio, non esquecesemos aquelas actividades que precisan de traballo manual complementando ambos modelos.

Luis Sande

TELÉFONOS E PÁXINAS DE INTERESE

NOMINAS MADRID

91.5847537

91.5847736

91.5847734

ANTICIPOS CORUÑA

98118-3881

98118-5833

RECICLAXE PAPEL CORUÑA

98118-4047 LOLI

ACCIONS, OBLIGACIONS

900 111 004

CETESA (ITP-PAXINAS AMARELAS)

900 100 031

MOVISTAR

EMPRESAS 1486

PARTICULARES 1485

ATAM

900 502 650 (TAMEN www.atam.es)

PORTAIS XURIDICOS (CONSULTAS SENTENCIAS,ETC)

www.datadiar.es

www.westlan.es

www.iustel.com

www.aranzadi.es

SERVIZO MEDICO A CORUÑA

98118-3938

SECCIÓN SINDICAL CIG-TELEFÓNICA A CORUÑA

98118-3969

RECURSOS HUMANS A CORUÑA

98118-3902

COMISION MERCADO TELECOMUNICACIÓNS

www.cmt.es

PLAN PENSIONS EMPREGADOS TELEFÓNICA.COMISION DE CONTROL

915561747

900210666

FAX 915564942

OSI

900210136

GUIAS TELEFÓNICAS

900131131

ESCOLA TELEFÓNICA

BARCELONA 93487300

ZARAGOZA 976707131

A CORUÑA 98118-3921

98118-3901

Actualidade GalizaCIG

Un informe denuncia o incumprimento en Galiza da Carta Europea de Línguas Rexionais e Minoritarias

O pasado xoves presentou-se en Santiago de Compostela o Informe sobre o cumprimento por parte do Estado español dos compromisos adquiridos a propósito da ratificación da Carta Europea de Línguas Rexionais e Minoritarias, documento que foi elaborado pola Mesa pola Normalización Lingüística, o Comité Galego da Axencia Europea para as Línguas Menos Estendidas, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, a Asociación Galega da Língua, o Bloque Nacionalista Galego e mais a Confederación Intersindical Galega.

O devandito Informe é resposta ao redactado polo Goberno español –algo ao que este está obrigado tras a ratificación da Carta Europea en setembro de 2001– e que se limita a un simple relatório de lexislación lingüística sen maior contido.

Ademais, como tamén se denunciou na presentación, a saída a luz do Informe coincide coa dimisión do responsábel español no Comité de Seguimento da Carta Europea, dimisión que parece estar relacionada coa falta de contido do informe elaborado polo Goberno español.

En resumo, cinco as conclusións que se tiran do Informe:

1ª. O Estado español incumpre, de xeito flagrante, a maioría das obrigas que impón a Carta Europea de Línguas Rexionais.

2ª. En ámbitos como o ensino, os medios de comunicación, a administración e mais a xustiza este incumprimento por parte do Estado español resulta especialmente grave.

3ª. A língua –e a cultura– galega está ausente da promoción no exterior que realiza o Estado español, o que contravén o seu carácter plurilingüístico.

4ª. O Estado español non fomenta o intercambio e comunicación lingüística con Portugal e resto de países de identidade lingüística comun co galego.

5ª. Respeito das comunidades lingüísticas galego-falantes que se encontran fóra da Galiza administrativa (en Astúrias, o Bierzo ou Zamora), o Estado español non practica protección nengunha dos dereitos lingüísticos dos seus cidadáns e cidadás.

mais información en www.galizacig.com

CONVENIO + ERE UN BO NEGOCIO PARA TELEFÓNICA

Coa sinatura do Convenio Colectivo e do ERE, Telefónica ven de conseguir un importante beneficio, eso sí, a costa dos dereitos dos traballador@s e da destrución de emprego de calidade.

A Negociación Colectiva nesta empresa, á vista do convenio firmado, alónxase cada día máis do concepto colectivo e participativo. Son numerosos os temas que quedan pendentes de negociar en comisións, subcomisións, grupos de traballo..., apartando o cadro de persoal do coñecemento e da dinámica de negociación, convertindo ésta, na maioría dos casos, nun tema entre a Empresa e CC.OO.- UGT exclusivamente.

Coa creación da Comisión de Negociación Permanente (cláusula 13) inténtase abortar o dereito dos traballadores a mobilizarse pola defensa dos seus dereitos e a Empresa busca garantir que os interlocutores sexan só os que non discrepan ou acepten as súas pretensións. En moitos casos discrimínase as organizacións que non asinaron o Convenio na participación das comisións, como a de emprego, formación, comercial...

A cláusula 12 tamén ten un contido claramente discriminatorio para os sindicatos que non están no C.I., intentando dificultar o traballo sindical destes.

Nos **aspectos económicos** seguimos na tónica doutros convenios. IPC previsto revisable + Plus de Productividade ligado o EBITDA. No 2003 o salario base sube inicalmente un 1,7%. O resto de aspectos económicos siguen como están, excepto as dietas interprovinciais. **CURIOSO**: as que cobran os que acuden ás múltiples comisións que quedan abertas.

Garantía de emprego: partindo de que se firma un ERE que afecta a 15.000 traballadores casi ten gracia esta garantía, que equivale a decir que mentras se aplica este ERE non vai haber outro.

Mobilidade xeográfica e funcional: ráchase cos criterios obxectivos de adxudicación e convertense estes procesos en discrecionais para os criterios da empresa

Xornada: Coa implantación da xornada de 8 horas naquelas unidades de Infraestructuras e Operacións con turnos de 24 horas, axúdase a empresa a prescindir de traballadores. A pesares de que se gaña 1,5 horas semanais, parécenos perigoso volver a implantar a xornada de 8 horas de cara o futuro.

Disponibilidade: Importante elemento de destrución de emprego que se lle facilita á empresa.

Lóxística: Centralízase a actividade en varias cabeceiras territoriais, cerrando unha serie de almacéns: En Galicia só quedaría o de Vigo, pechándose A Coruña, Lugo e Ourense.

O resto dos temas como **clasificación profesional, reunificación de categorías de O.Auxiliares, funcións de OT-PI...** teñen como denominador común o obxectivo de obter traballadores multifuncionais, o que esixe maior capacitación e responsabilidade para os afectados, sin ningunha contraprestación a cambio.

E para todo o que quede aberto que é casi todo: grupos de traballo e comisións que negociarán e acordarán cambios dos dereitos de **todos os traballador@s** sen necesidade de consultar nin xustificar públicamente tales actuacións.

O Convenio que se acaba de firmar axústase moi ben ós intereses de Telefónica e serve de maneira eficaz para solventar os posibles desequilibrios que ocasione o ERE.

Co ERE asinado, Telefónica consegue desfacerse dun numeroso colectivo de traballadores que veñen a sumarse ós do outro ERE e ós dos planes de prexubilacións previos. 15.000 empregos de calidade destruídos á cambio dun máximo de 1.500 novos. Hoxe en Telefónica non sobran traballadores. Fan falla. Hai 18.000 nas contratas que traballan para Operacións, cando esta área só conta con 15.000 traballadores propios. Está Atento facendo traballo de comerciais de Telefónica. Hai contratas e O + M facendo actividades que deberíamos facer en Telefónica...

Telefónica segue a manter uns beneficios moi importantes e o EBITDA medrou o ano pasado e os anteriores. Somos unha das empresas con maior "rendabilidade" por liña de Europa e segunda do mundo: 511,7 liñas por empregado. (penso que non define a rentabilidade por liña, polo que debería poñerse entre comiñas)

Non parece fácil entender a necesidade dun ERE en Telefónica. Esta vaise beneficiar de que o Fondo de Desemprego financie unha parte dos costes da redución de 15.000 empregos.

Os representantes sindicais que asinan este ERE contribuen así a beneficiar a Telefónica e a perxudicar a todos os traballadores actuais e futuros porque están axudando a destruir o emprego de calidade para que se sustitua por emprego precario.

Cada día resulta máis difícil entender o papel que xogan algúns sindicatos respecto dos intereses dos traballadores. Cada vez hai máis distancia entre os eslóganés das campañas electorias e a práctica sindical que realizan. ¿De que serve que critiquen a temporalidade e a baixa calidade do emprego que o Goberno afirma estar creando cada mes cando na súa práctica diaria contribuen a que desaparezan os empregos que son fixos e dignos que aínda existen na actualidade?

Os traballadores debemos analizar estas contradicións e tomar decisións para que toda esta situación mude, pois do contrario todos acabaremos pagando as consecuencias.

CURIOSIDADES DA HISTORIA

O Calendario Xuliano

Ata o ano 46 a.C. o calendario Romano rexíase pola lúa. Doce meses luares, considerando que un mes dura 29 días e medio de lúa nova a lúa nova, dan só 354 días. Cada ano luar ten once días de retraso respecto ó ano solar de un pouco máis de 365 días, de modo que os meses caen gradualmente fora das estacións correspondentes. Para que a sementación e outras actividades agrícolas caeran no mesmo mes cada ano, era necesario engadir un mes adicional ó ano de tanto en tanto. Os Babilonios inventaron un sistema para que isto funcionase bastante ben, tamén o adoptaron os Gregos e os Xudeos.

Os Romanos non adoptaron este sistema, podían doadamente engadir o mes adicional cando desexaban un ano longo para manter ós seus amigos no poder, ou non engadilo cando desexaban un ano curto.

Por elo, no 45 a.C., o calendario tiña 80 días de retraso respecto ó ano solar, os meses de inverno caían no outono, os de outono no verán, etc.

César observou en Exipto un calendario moito mellor que quería poñer en práctica, buscou a axuda do astrónomo exipcio Sosígenes, e estableceu un novo calendario.

A partir do 1 de xaneiro do ano 45 a.C. o ano tivo 12 meses de 30 ou 31 días (excepto febreiro que os romanos consideran un mes infausto, deronlle só 28 días), para evitar que o calendario se retrasase 1 día cada 4 anos respecto o ano solar, introduciuse o ano bisiesto.

César modificou tamen a data na que comezaba o ano abandonando o 1º de marzo tradicional polo 1º

XULLO

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

**Día da
Patria Galega**

de xaneiro, día en que asumían o seu cargo os funcionarios romanos.

Este cambio fixo que perdesen sentido os nomes dalgúns meses, setembro, outubro, novembro e decembro son derivados das palabras latinas que significan 7, 8, 9 e 10, pois eran os meses sétimo, oitavo, noveno e décimo cando o ano comezaba en marzo. No sistema actual setembro é o noveno e non o sétimo, e os outros quedaron igualmente desprazados.

Este calendario coñécese como Xuliano en honor a Xulio César, e sobreviviu ata o día de hoxe con pequenas modificacións.

O mes que os romanos chamaban "Quintilis", cambiou o seu nome polo de "Julius" en honor a César, pois nacera ese mes. Nós chamámoslle xullo.

O mes chamado "sextilis" nos días da República cambiouse polo de "Augustus" en honor de Octavio César Augusto. Nós chamámoslle agosto.

-A República romana. Isaac Asimov

Se pensas que os teus intereses e os de todos os traballadores e traballadoras necesitan ser defendidos permanentemente, une-te a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

AFILÍA-TE Á CIG, POLO TEU INTERESE.

BOLETIN DE AFILIACIÓN

Nome e Apelidos _____ Matricula _____

Categoría _____ Unidade de Traballo _____ Localidade _____

Domiciliación das cotas por banco

Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a: Sección Sindical CIG, rúa Cancela nº 8.

correo : cigcoruna-telef@terra.es

cigcoruna-telef@terra.es